

A tristura burocrática do amor

Nove da mañá. Xa levaba tres reunións de seguimento e un café frío. No monitor, a táboa de obxectivos do trimestre: indicadores, porcentaxes, pequenos semáforos en verde e ámbar. Ao lado, o móbil coa notificación que me fixo sorrir entre dous correos: *"Ey, cómo vas? Hoy me he acordado de ti..."* Respondín ao momento. Despois borrei a resposta. Volvín escribir outra máis curta, máis lixeira, que parecese menos ansiosa. Calibrei o ton como quen revisa un informe antes de envialo.

Levo dous meses así. De mensaxes construídas para semellar espontáneas, de fotos escollidas con coidado cirúrxico, de cronometrar canto tardo en responder para non dar a impresión de estar demasiado dispoñible ou ser demasiado fría. O seu perfil di: 37 anos, non sei que, *"busco algo real"*. O meu di o que o algoritmo me recomendou que dixese. Match do 91%. Coma un KPI afectivo.

Pasei polo baño antes de saír da oficina. Non me daría tempo a xantar. Premín o interruptor da luz, húmido polo paso de quen saíu antes ca min. Míreme no espello e retoquei o cabelo sen saber moi ben para quen: se para el, que aínda non ten rostro fóra da pantalla, ou para min, que tampouco estou segura de recoñecer o meu dentro dela.

Pontevedra seguía pechada en gris. Chego ao Teatro Principal con dez minutos de antelación, unha voz por escoitar e un silencio no peto. Andrea Proenza está a piques de falar. El leva tres horas sen responder. A última mensaxe é miña: *"Bueno, luego te cuento qué tal"*. Vista ás 15:32. Desde entón, nada.

O agarimo da butaca convídame a esvacer. Estamos case ás escuras. No escenario do foro As Mulleres que Opinan Son Perigosas, Andrea é presentada. Fala de como aprendemos a desexar dentro dun molde que non escollemos. Nomea a Carmen Martín Gaité e a súa educación sentimental: adestráronnos para esperar ser escollidas, para medir o noso valor na mirada

do outro. As apps non inventaron iso, pero déronlle interface, métricas e velocidade.

Mentres a escoito, un resplandor á miña beira enche de luz o bolso da rapaza do meu carón. Penso no teléfono fixo da casa dos meus pais. Aínda con cable, coma un animal que non perdeu apéndices inútiles. Aquel silencio tiña límite: colgabas e volvías á túa vida. Agora a pantalla é total. Quen dispón de quen?

O swipe foi o primeiro formulario do día. O match, unha resolución provisional. A mensaxe, un requerimento. A espera, un silencio administrativo. Non estou namorando: estou tramitando. Co mesmo corpo co que ás nove da mañá cubría indicadores de rendemento, ás sete da tarde xestiono a posibilidade de que alguén me queira.

Andrea pasa as tarxetas sen nerviosismo. Fala do desexo feminino atado á mirada allea. Levanto un intre a vista do móbil. A miña veciña mira tamén a súa pantalla ás escuras. Sorrí cando se decata de que a estou observando. Respondo tratando de erguer os extremos dos beizos. Non nos dicimos nada. No escenario, unha fala. No patio de butacas, dúas calamos.

Fóra deste teatro hai outras tribunas, outras redaccións onde alguén decide quen ten voz e quen ten silencio. Penso nas que calaron durante anos á espera de que alguén lles fixera sitio. E non sempre escollemos onde sentar.

"Ya hablamos, bss". Ás 19:11. A ponente está por concluír. A mensaxe dun home que me devolve ao catálogo xusto cando estou empezando a saír del.

Vista.

O teatro aplaude de pé. E ocorre algo case invisible: non interrompo as mans para levalas ao peto. Deixo que aplaudan. Non é unha decisión grandiosa; é un músculo que afrouxa. Gardo o móbil sen mirar a pantalla, bolso pechado. Por primeira vez en meses, o silencio é meu.